

## Obradoiro de teleformación: Contabilidade cooperativa nivel 0

[ En colaboración coa Rede Eusumo e a Deputación da Coruña ]

<b>DATA REALIZACIÓN</b>	02-19/05/2023	<b>DURACIÓN</b>	20 horas
<b>LUGAR CELEBRACIÓN:</b>	A través da plataforma de teleformación <a href="http://aulaespazocoop.com">http://aulaespazocoop.com</a> . Celebraranse 3 sesións virtuais de aprendizaxe os días: 2, 10 e 19 de maio en horario de 11:00 a 12:00hs. O horario de titoría será de luns a venres de 13:00 a 14:00 horas		
<b>PERSOA DE CONTACTO</b>	Patane García Méndez	<b>TELÉFONO</b>	697877773
		<b>E-MAIL</b>	patane@espazo.coop

### OBXECTIVOS

- Mostrar desde un punto de vista práctico que é, e para que serve, a contabilidade.
- Coñecer o proceso contable e a súa relación co resto de ámbitos da empresa, para a toma de decisións.
- Capacitar no uso de ferramentas contables para facer previsións.

### PROGRAMA E CONTIDOS

- A función contable: que é? que implica?
- Contabilidade administrativa: a contabilidade do día a día.
- Contabilidade financeira: libros e obrigas contables.
- Contabilidade financeira: o ciclo contable.
- Caso práctico.

### METODOLOXÍA

Activa e participativa coa utilización de medios audiovisuais e actividades prácticas de reflexión e debate. O alumno terá ao seu dispor, na plataforma de teleformación, os materiais do curso para o seu estudo, amais de material complementario que se lles fará chegar a través do foro do curso. Realizaranse tres sesións virtuais de aprendizaxe coas que reforzar, de xeito síncrono, a relación e traballo colaborativo. As tarefas dispostas na plataforma servirán para facer unha avaliación do aproveitamento do alumnado participante. As canles de comunicación entre o equipo titorial e o alumnado será: o servizo de foros e mensaxería interna da plataforma, o correo electrónico, o telefono e a sala de videoconferencias do curso para a realización das titorías virtuais e as sesións virtuais de aprendizaxe. Realizaranse tres sesións virtuais de aprendizaxe ao longo do curso. O día 2 será a presentación, o día 10 revisárase a documentación contable e o día 19 traballarase na resolución dun caso práctico.

### DIRIXIDO A

Persoas cunha idea de negocio e/ou proxecto empresarial interesadas en valorar a viabilidade de emprender baixo a fórmula cooperativa. Primárase a participación de persoas pertencentes a grupos promotores, ás que proveñan de empresas en crise, persoas traballadoras coa condición de autónomas, etc.



Esta actividade encádrase na Programación da Rede Eusumo 2024 A REDE EUSUMO é unha rede de colaboración impulsada pola Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Trabajo y Economía Social.